

### **A executiva de Ribadeo propón a Roberto Ramos como candidato á alcaldía; un recoñecido empresario que chega á política coa vontade “de sumar e traballar para aglutinar os intereses da esquerda nun proxecto de equipo”**

O secretario xeral, acompañado doutros membros da agrupación local, presentaron ao alcaldable, cuxa elección foi aprobada no día de onte “de forma unánime e democrática”

Ramos manifesta o seu compromiso de elaborar “un proxecto aberto e transparente”, polo que “convida a todos os que queiran arrimar o ombreiro e a traer na súa mochila unha clara vocación de servizo”. “Non vai a ser unha persoa, senón un equipo; un traballo conxunto e coordinado. Seremos a voz de todos o grupos e sectores parroquiais e sociais” afirma

Subliña que se abre unha nova etapa, na que “pisaremos a rúa para coñecer os problemas e necesidades dos nosos veciños”. Para elo, ofrece “traballo intenso” porque existe, dixo, “unha forma de gobernar distinta”

É licenciado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte pola Universidade de A Coruña, ademais de socio fundador de distintas empresas que desenvolven a súa actividade tanto no municipio mariñano como noutras zonas de Galicia, en Asturias, Cantabria, o País Vasco, Valencia, Castela e León e Madrid

**RIBADEO, 13 DE FEBREIRO DE 2015.-** A agrupación socialista de Ribadeo, da man do seu secretario Xeral –Víctor López Pérez- presentou este venres a Roberto Ramos Piñeiro como candidato do PSOE á alcaldía ribadense. Neste senso, o responsable da executiva agradeceu publicamente a disposición mostrada polo alcaldable, ao tempo que indicou que se trata “dun gran candidato que destaca por ser traballador, emprendedor e por ter unha gran ilusión por traballar por e para Ribadeo”.

Roberto Ramos, tal como manifestou Víctor López, conta co apoio da dirección do PSOE provincial, é dicir, de Juan Carlos González Santín, e da galega, que lidera José Ramón Gómez Besteiro. A súa elección foi aprobada “de forma unánime e democrática” no día de onte pola executiva local.

Trátase dun recoñecido empresario que chega á política coa vontade “de sumar e de traballar dende o respecto e a responsabilidade, e coa esperanza de aglutinar os intereses da esquerda nun proxecto común, de futuro, real e solvente”. Neste senso, manifestou o seu compromiso de elaborar “un proxecto aberto e transparente”. “Convido a todos os que queiran arrimar o ombreiro, aportar e traer na súa mochila unha clara vocación de servizo”, indicou.

#### **“Un equipo volcado cos cidadáns”**

Deste xeito, subliñou que “será unha alternativa de goberno real, que satisfaga os intereses dos nosos veciños. Non vai a ser unha persoa, senón un equipo, un traballo conxunto e coordinado. Seremos a voz de todos os grupos e de todos sectores parroquiais e sociais. Un equipo volcado cos cidadáns”, sentenciou.



## NOTA DE PRENSA

### **“Unha forma de gobernar distinta”**

Coa súa elección, abrése así, unha nova etapa, “na que contaremos con todos e pisaremos a rúa para coñecer os problemas e necesidades dos nosos veciños”. Para elo, ofrece “traballo intenso” porque existe, dixo, “unha forma de gobernar distinta”.

### **Datos do candidato**

Roberto Ramos Piñeiro naceu en Lugo, pero leva 20 anos en Ribadeo. Ten 45 anos. É licenciado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte pola Universidade de A Coruña, ademais de socio fundador de distintas empresas que desenvolven a súa actividade tanto no municipio mariñano como noutras zonas de Galicia, en Asturias, Cantabria, País Vasco, Valencia, Castela e León e Madrid, e que están vinculadas directamente coa xestión e construción de instalacións deportivas. Está casado e ten tres fillos.